

Arancha Nogueira

ARANCHA NOGUEIRA (Ourense, 1989). Arancha Rodríguez Fernández, o seu nome real, estudou Xornalismo e actualmente realiza a súa tese de doutoramento en Literatura Comparada na Universidade de Santiago de Compostela. Ten participado en diversos recitais, antoloxías e revistas (como *Dorna*). En 2013, co VII Certame Francisco Añón de Poesía, chega o seu primeiro poemario, *Andar descalza* (Concello de Outes, 2014), ao que lle seguiría *(A)fogar* en 2016, primeiro premio de poesía da Universidade de Vigo. Forma parte da plataforma de crítica literaria feminista *A Segá*.

As costureiras

15

“Co frío de xaneiro que me seca a boca.

Cálculo e alento de mans dadas ás veces.

Algũa vez tomando a cor da auga cando asenta.”

- *Gonzalo Hermo*

Ao chegar,
todas as mans parecían marabuntas,
centros comerciais ateigados
bulindo,
bulindo como se procurasen cousas con mestría e con
detalle,
e con todas as persianas que eu non pecho nin de noite e me sorrín
e me espertan o sono acostumado,

e non descanso.

Así eu,
descoñecéndome nos dedos minuciosos,

descoñecida tamén para elas.

E acontece.

—

Sentada entre as costuras, pois,
estraña,
os azuis estampados entre as tempas,

escoito.

Son as cinco e corre o sol clariño entre a néboa
e eu podería debuxarlles lúas a todos os cuartos.

16

De cativa debuxaba lúas nos peitos da miña avoa.
En todos os ocos de carne e pálpebras,
que eran tan antigos, tan tremendos.

Por iso tamén quero
aquí debuxar lúas,
debuxar lúas, en todos os cuartos.

—

A poeta reclama espazo.

Como se algo dentro de min non quixera non bulir, tamén,
no sosego dese tráfico constante,
algo molesto, ás veces, pola insumisión.

Eu tamén sei que a poeta se revela
cada vez que rompe un calcetín

e de novo, catro anos
e o calcetín roto
e vanse rir de min no cole,
e vou ir chorarlle á abuela.

A poeta tamén entende das caixas de cambio.
Pero non desta superficie, aparcada, longa,
teimuda como as festas de gardar.

Podería ser unha saia
ou un séquito.

—

E desleixada nos seus dedos mínimos,
acontece.

As mulleres cantan músicas de roda,
todo parece preparado para un lenzo.

—

A poeta interpelada.

Esta será
a primeira vez que acuse a condición.

Na cidade onde camiño
as chaquetas teñen válvulas de cor
innomeábel,

nada é da mesma cor,
todo parece que súa.

Pero elas, nos seus dedos pequeniños e informantes,
teñen gavias

e desexos.

Algo tan animal que se lle pode arrumar o lombo,
algo tan crítico,

tan como o poema.

—

E entre as tempas
un azul da mesma cor que as costuras,
tan pálido que curte o ollo,
tan como as mañás de outono nalgún lugar da costa.

A poeta descende.

Tamén eu descendo.

18

Agarimo as fauces das saias
exclamando a miña imperfección.

Pois eu nunca souben coser

— digo.

E cara min unha decea de rostros agarimados nos fíos,
titilantes,
tan inconscientes do seu propio navegar.